

Adjudicada	NON	SI	Para o día	/	/	O local:
Informado	/	/	A través do:			
Recordatorio	/	/	A través do:			
Autorización	/	/				

**SOLICITUDE DUN LOCAL MUNICIPAL DA CONCELLERÍA DE ENSINO E XUVENTUDE**

■ **DATOS DA PERSOA RESPONSABLE**

Nome e apelidos: ..... DNI: .....

Data de nacemento: ...../...../..... Correo electrónico:.....

Enderezo: ..... Teléfono:.....

- Como veciño/a do Concello de Oleiros gustaríame gozar dun local municipal para realizar cun grupo de  (imprescindible indicar núm. persoas) unha:

Festa xuvenil (rapaces e rapazas de 18 a 30 anos)

Celebración da asociación/entidade denominada: .....

Cargo na asociación/entidade:.....

(A entidade/asociación debe constar no rexistro municipal de entidades)

Festa do/a menor: En calidade de: Pai  Nai  Titor/a legal

Nome do/a menor..... Data nacemento ..../..../.....

(De non ser pai, nai ou titor/a legal non pode facer a solicitude en nome do/a menor)

Reunión familiar

Outra:.....

- Solicito o local (marcar por orde de preferencia e ter en conta a capacidade indicada no reverso):

Finca de Bastiagueiro  
(máximo 50 persoas)

Villa Echeverry  
(máximo 25 persoas)

- Para o/s día/s  -  de  do 20

AUTORIZO ao Concello de Oleiros a consultar os meus datos no Padrón municipal para confirmar que figuro de alta no mesmo. En caso contrario, aportará con esta solicitude un certificado de empadramento de data actual.

Polo que, fago constar que coñezo as condicións, os compromisos e as sancións, que se aplicarán no caso de incumprimento, reflectidas neste documento, que me obrigo a respectar e cumprir.

Sinatura:

Oleiros, ..... de .....de 20.....

## COMO SOLICITAR UNHA CASA DE PRÉSTAMO

- ✓ **REQUISITOS:** Ser maior de idade, estar empadroad/a en Oleiros e non ter débedas co Concello de Oleiros. Para os menores de idade a solicitude debe presentala unicamente o pai, a nai ou o/a titor/a empadroados/as en Oleiros, asumindo o compromiso e as obrigas deste documento. As asociacións/entidades deben constar en alta no noso Rexistro Municipal de Entidades.
- ✓ **SOLICITUDE:** O modelo atópase na Sede electrónica do Concello de Oleiros e nas dependencias do Centro Cultural A Fábrica. **Deberá entregarse no Rexistro Xeral de entrada do Centro Cultural A Fábrica (de 8.30 a 14 horas) ou a través da Sede electrónica do Concello de Oleiros.**
- ✓ **PROCESO PARA A ADXUDICACIÓN DAS SOLICITUDES**  
A adxudicación será por sorteo, tendo en conta previamente os baremos indicados\*.
- ✓ **PRAZOS DE SOLICITUDE:** O prazo ordinario : abrírase 2 meses antes da data do evento e permanecerá aberto ata a data da adxudicación (aprox. 1 mes antes da data solicitada). Prazo extraordinario: os locais poderán solicitarse fóra deste período ata os 10 días naturais previos á data solicitada, quedando suxeito á dispoñibilidade dos locais e adxudicándose por orde de entrada no rexistro municipal.
- ✓ **RECOLLIDA DE CHAVES:** Na Policía Local o mesmo día da celebración (días laborables a partir das 13:00h e non laborables a partir das 10:00h). **Só poderá recoller a chave a persoa que consta na solicitude**, co DNI e copia da folla de solicitude, ou persoa autorizada por esta mediante escrito expreso e presentando o DNI. Non se poden recoller as chaves antes da hora indicada.
- ✓ **DEVOLUCIÓN DE CHAVES:** Antes das 10:00 h. do día seguinte á celebración na Policía Local (oficina 24 horas).

## CONDICIÓNS PARA O USO DOS LOCAIS

- ✓ **CAPACIDADE:** De 50 persoas no caso da Casa de Bastiagueiro e de 25, na Villa Echeverry.
- ✓ **TEMPO DE USO:** ata as 00.00 h no caso de menores de idade e ata as 02:00h para os maiores desa idade.
- ✓ **SUPERVISIÓN DO LOCAL :** Se as persoas usuarias atopasen desperfectos, suciedade ou calquera outra circunstancia leve contactarán con **c.xuventude@oleiros.org**, achegando fotografías, e indicando data do evento e datos do solicitante; se encontrasen deterioracións graves, contactarán coa Policía Local de Oleiros (981610001).
- ✓ **ANULACIÓNS:** Comunicaranse antes da data concedida, enviando un correo a **c.xuventude@oleiros.org** no que se sinalarán os datos persoais, a data da solicitude e o local correspondente.
- ✓ **NA VILLA ECHEVERRY SÓ PODERÁ FACERSE USO DA GALERÍA DA PLANTA BAIXA E DO XARDÍN.**
- ✓ **MOBILIARIO:** Todas as casas dispoñen de mobiliario (taboleiros, cabaletes, bancos/cadeiras), baños e tomas de corrente. Na Casa de Bastiagueiro, hai unha pequena neveira e zona de barbacoa (no caso de usala, a grella deberán achegala os usuarios).
- ✓ O Concello de Oleiros non se responsabiliza das actividades que se realicen dentro dos locais cedidos ou da omisión de actos aos que estivesen obrigados cando os compromisos asumidos pola persoa solicitante sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a este/a ou ao grupo que representa as consecuencias dos seus actos.
- ✓ O Concello queda facultado para adoptar as medidas legais e administrativas que correspondan (xestión dos trámites legais que correspondan, aboamento ao Concello do custo das reparacións, de ser o caso, e a perda do dereito a facer uso dos locais de préstamo), no caso de que se incumpran os citados compromisos e obrigacións dos usuarios.
- ✓ O Concello reservase o dereito de cancelación do evento no caso de aviso por alertas que supoñan un risco para os veciños/as.

## COMPROMISOS E OBRIGAS NO USO DE LOCAIS

- ✓ No caso de non poder facer uso da Casa adxudicada, notificar a renuncia á maior brevidade e sempre antes do día da data adxudicada, a través do correo electrónico indicado no apartado de "Condições para o uso dos locais" (**c.xuventude@oleiros.org**).
- ✓ No suposto de recibir reclamacións da veciñanza e unha vez notificado aos responsables, solucionar o problema causado.
- ✓ Non facer uso dos exteriores do recinto perturbando a terceiros.
- ✓ Non superar o aforo establecido (ata un máximo de 50 persoas na Finca Bastiagueiro e de 25 na Villa Echeverry) ou o número de persoas indicado na solicitude para o caso de que non chegue ao aforo máximo. O Concello pode autorizar en casos excepcionais e debidamente xustificadas un incremento do aforo, sempre que non supoña risco para a seguridade das persoas ou das cousas.
- ✓ Estar presente a persoa solicitante en todo momento.
- ✓ Utilizar a instalación para o fin solicitado.
- ✓ Non superar o tempo estipulado para o uso do local.
- ✓ Entregar as chaves na Policía Local antes das 10:00 h do día seguinte ao seu uso.
- ✓ Actuar de xeito cívico, e no caso de provocar danos no local, notificalo á Policía Local no transcurso do evento.
- ✓ Queda prohibido o consumo de alcohol por menores e o consumo de drogas por parte de calquera asistente.
- ✓ Atender en todo momento os requirimentos das autoridades públicas ou corpos de seguridade.
- ✓ Queda prohibida a realización de eventos públicos sen previa autorización do Concello.
- ✓ Queda prohibido vender produtos e cobrar entrada aos asistentes.
- ✓ Non se poderán instalar inchables, nin carpas, nin artefactos nin instalacións similares.
- ✓ Non se poderán contratar servizos a empresas ou particulares sen autorización do Concello.
- ✓ Non se permite a presenza de animais de compañía, agás cans de asistencia.
- ✓ O local, enxoval e materiais, que son prestados gratuitamente polo Concello, deberán deixarse perfectamente limpos, desinfectados e en bo estado.

## BAREMO DO PROCESO DE ADXUDICACIÓN\*

1. Preferencia os mozos e as mozas de 14 a 30 anos e as asociacións/entidades municipais.
2. Solicitudes que non tivesen adxudicado ningún local de préstamo no ano en curso.
3. No caso de haber varias solicitudes con idénticas características, realizarase un **sorteo** entre elas.

\*\* O Concello queda facultado para, de ser necesario, realizar a cesión de xeito máis conveniente para os intereses públicos.

*En cumprimento do establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Concello de Oleiros infórmao de que os seus datos serán usados, unicamente coa finalidade de prestar e ofrecer os nosos servizos de préstamo de locais municipais para festas e outras finalidades relacionadas exclusivamente con este servizo. Para o exercicio dos seus dereitos relativos á protección de datos poderán dirixir un escrito ao Concello de Oleiros, por vía electrónica ([alcaldia@oleiros.org](mailto:alcaldia@oleiros.org)) ou a través do Rexistro municipal.*